Fegamp

FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP)
20 SET. 2012
Número 1.335
REXISTRO XERAL DE SAÍDA

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA
ENTRADA 143488 / RX 4776 Data 24/09/2012 14:18:49

Sra.Dna. Nava Castro Domínguez
Directora Xeral de Comercio
Consellería de Economía e Industria
Edificios Administrativos San Caetano BL. 5 3º
15781 Santiago de Compostela

Santiago de Compostela, a 20 de setembro de 2012

Xunto remítolle informe desta Federación Galega de Municipios e Provincias en relación co ***Anteproxecto de Lei de modificación da Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia***.

Sen outro particular, reciba un cordial saúdo.

Federación Galega de Municipios e Provincias
Secretaría Xeral

Eduardo Ramonde Rodríguez
Secretario Xeral

FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS Rúa Varsovia 4 C, 6.ª Planta, Área Central 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléf. 981 555 999 Fax 981 565 203 e-mail: correo@fegamp.org Internet http://www.fegamp.org

Fegamp

INFORME DA FEGAMP AO ANTEPROXECTO DE LEI DE MODIFICACION DA LEI 13/2006, DO 27 DECEMBRO, DE HORARIOS COMERCIAIS DE GALICIA.-

O Equipo Técnico estatutario da FEGAMP, en relación co anteproxecto de Lei reseñado remitido pola Dirección Xeral de Comercio, en cumprimento da facultade atribuída polo artigo 9 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, emite o seu parecer, de acordo cos seguintes antecedentes e consideracións

ANTECEDENTES

I.- O artigo 30.1, número 4, do Estatuto de Autonomía resérvalle á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de comercio interior, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral.

O artigo 27 do Real Decreto - Lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, dálle unha nova redacción a varios preceptos da Lei 1/2004, de horarios comerciais.

O anteproxecto ten como finalidade adecuar a vixente Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia a antedita normativa básica do Estado.

II.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local no seu artigo 2.1 garante o dereito das entidades locais de intervir nos asuntos que afecten aos seus intereses e competencias.

A Carta Europea da Autonomía Local, de 15 de outubro de 1985, ratificada por España o 20 de xaneiro de 1988, sinala no seu artigo 4.6 que as Entidades Locais deben ser consultadas, na medida do posible, ao seu debido tempo e de forma

Fegamp

axeitada ao largo dos procesos de planificación e de decisión para todas as cuestións que lles afecten directamente.

III.- O anteproxecto de Lei consta dunha exposición de motivos, un artigo e unha disposición final.

CONSIDERACIONS

Única.- Emítese un parecer favorable ao anteproxecto dado que a potestade normativa para regular a materia obxecto do mesmo emana das competencias que o Estatuto de Autonomía e as leis atribúen a Xunta de Galicia, sendo ademais o seu contido inicialmente respectuoso coas competencias das entidades locais. Aínda así haberá de considerarse a incidencia económica que a ampliación dos horarios pode ter para os concellos a hora de prestar os seus servizos públicos (seguridade, alumeado, limpeza viaria, control de alimentos e bebidas, etc.)

Santiago de Compostela, a 20 de setembro de 2012

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Eduardo Ramonde Rodríguez

O DIRECTOR XERAL

Asdo.: José Manuel Chapela Seijo